



CIRCULAR INFORMATIVA 27/2025

1. RESUMO DOS ACORDOS TOMADOS NA XUNTA DE GOBERNO DO 22.12.2025

A Xunta de Goberno, na súa última sesión do 26.12.2025, tomou os seguintes acordos:

1. **Altas, baixas e cambios no censo de colexiación.** Aprobáronse tres altas (2 como exercentes e 1 como non exercente), e tres baixas de colexiados/as non exercentes.
2. **Informes de honorarios.** Aprobáronse 35 informes de honorarios para taxacións de custas (30 de materia bancaria, 3 sobre procedementos penais, 1 sobre execución de familia e 1 sobre un verbal por razón da materia).

Neste 2025 levamos realizados e aprobados 530 informes. Debido ao elevado número de solicitudes de informes que entran a diario e que se van elaborando por orde de chegada, aínda estamos acometendo os correspondentes á última quincena do mes de setembro pasado.

3. **Protocolo de designación de letrados/as de oficio na Sección de Violencia sobre a Muller do Tribunal de Instancia de Santiago.** En atención ao solicitado polo delegado do partido xudicial de Padrón, aclárase o último punto do protocolo que foi remitido recentemente aos letrados e letradas do servizo de asistencia a vítimas de violencia de xénero. Así, o punto 2.2, último parágrafo, queda redactado da seguinte forma:

“Se a persoa investigada solicita avogado de oficio para asuntos civís, tramitaráselle a xustiza gratuíta e designaráselle o profesional que corresponda da lista da quenda civil **do partido xudicial do domicilio da vítima no momento en que se cometesen os feitos, sempre e cando sexa competencia deste colexio a súa tramitación e designación**”.

4. **Exención da cota colexial a un colexiado exercente maior de 75 anos.** Logo de ver a solicitude formulada por un colexiado exercente maior de 75 anos, apróbase a exención da súa cota colexial a partir do 01.01.2026, polo que a partir desa data só se lle cargará a cota correspondente ao Censo de letrados.
5. **Solicitude de mediación entre letrados, previa ao inicio dun procedemento xudicial contra un compañeiro.** Examinouse a solicitude presentada por un colexiado para levar a cabo a mediación prevista no artigo 79 do Estatuto xeral da avogacía con carácter previo ao inicio de accións penais contra outro compañeiro. Acordouse iniciar o procedemento de mediación para procurar unha solución amigable.
6. **Xulgado Decano de Santiago de Compostela.** O Xulgado Decano puxo en coñecemento do Colexio que, en atención á solicitude que lle formuláramos, se está a tramitar a colocación de ramplas fixas de accesibilidade ás salas de vistas e que, mentres non se instalan as definitivas, os profesionais que o precisen poderán solicitar ao decanato ou directamente ao xulgado interviniente do procedemento a colocación dunha rampla móbil.
7. **Queixa dunha letrada en relación cos expedientes xudiciais dixitais.** Abordouse a queixa presentada por unha letrada en relación coa consolidación dos expedientes dixitais nos xulgados, a defectuosa organización dos arquivos, a orde dos documentos e a ausencia de numeración ordenada dos acontecementos. Logo de ver a queixa, acordouse reiterar de novo a petición á Dirección Xeral de Xustiza. Non obstante, dende a Dirección Xeral informáronnos de que a principios do ano 2026



CIRCULAR INFORMATIVA 27/2025

esta cuestión estará solucionada coa implantación dun novo sistema informático que está a preparar a Amtega.

8. **Recursos de alzada interpostos ante o Consello da Avogacía Galega.** Tomouse recibo de tres resolucións tomadas polo Consello da Avogacía Galega polas que se desestimaron tres recursos de alzada.
9. **Expedientes disciplinarios e dilixencias de información previa.**
 - Expediente disciplinario 3/2025. Acordouse a execución do acordo de sanción (multa pecuniaria de 1.001 €)
 - Dilixencias de información previa. Acordouse o arquivo dun escrito de queixa ao tratarse dunha cuestión de honorarios profesionais e non de materia deontolóxica.
 - Solicitude de cambio de letrado de oficio (CA 19/2025). Acordouse denegar o cambio ao non quedar acreditada debidamente a súa motivación.

2. XUNTA XERAL ORDINARIA 2/2025

Na xunta xeral do pasado 17 de decembro, aprobouse por maioría o orzamento do colexio para o ano 2026 (con 39 votos a favor e 5 en contra). O orzamento está dispoñible para consulta no enderezo web:

<https://www.icasantiago.org/portal-de-transparencia/orzamentos/>